

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

- 11094** *Real decreto 469/2016, do 18 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.*

I

O artigo 17 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, establece que para o cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor se incluírán, de forma aditiva na súa estrutura, o custo de produción de enerxía eléctrica, as peaxes de acceso e cargos que correspondan, e os custos de comercialización que correspondan.

O Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.

O artigo 7 do citado real decreto recolle a estrutura xeral dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, incluíndo no termo de potencia do prezo voluntario para o pequeno consumidor o custo de comercialización, expresado en euros/kW e ano, que será fixado mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

A disposición adicional oitava.2 do mencionado real decreto fixou en 4 euros/kW e ano, a partir do 1 de abril de 2014, o valor da anteriormente denominada marxe de comercialización fixa, definida no artigo 7, para cada unha das peaxes aplicables ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, e engade que este valor podería ser modificado mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo (actual ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital), logo do acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

No número 3 da disposición adicional oitava do mesmo real decreto dábaselle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un mandato para elaborar e enviar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo un informe sobre a marxe comercial que corresponde aplicar á actividade de comercialización de referencia para realizar a subministración de enerxía eléctrica a prezo voluntario do pequeno consumidor e a tarifa de último recurso, onde se detalle cada un dos custos de comercialización que incorpora.

Atendendo ao anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ao abeiro da función supervisora prevista no artigo 5.1 e no artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como na propia disposición adicional oitava do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, antes referida, realizou un requirimento de información a todas as empresas comercializadoras de gas e/ou electricidade que exercen a actividade de comercialización a consumidores finais no ámbito de actuación nacional ou peninsular nos sectores de electricidade e/ou gas natural.

En particular, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia solicitou información ás empresas comercializadoras do sector eléctrico e do sector gasista sobre os custos de comercialización correspondentes aos exercicios 2010, 2011, 2012 e 2013 e previsión para o exercicio 2014, xunto cun documento explicativo das hipóteses de cálculo.

O 3 de novembro de 2015 o Tribunal Supremo ditou tres sentenzas relativas aos recursos contencioso-administrativos números 358/2014, 395/2014 e 396/2014, nas cales se declarou nulo o número 2 da disposición adicional oitava do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo.

As sentenzas anulaban o referido número 2 por entender que o valor non fixado o fora sen a aprobación previa da necesaria metodoloxía para determinar tanto os custos de comercialización coma a remuneración razoable que puider proceder e a Sala abstívose

de entrar a valorar a suficiencia ou insuficiencia da marxe comercial que se viña aplicando. Por iso, condenaron o Goberno a aprobar unha metodoloxía, a fixar conforme ela os custos de comercialización e a regularizar as cantidades derivadas da actividade de comercialización de conformidade co valor así resultante, e iso con efectos desde o 1 de abril de 2014.

O 19 de maio de 2016 foi aprobado pola Sala de Supervisión Regulatoria da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e remitido ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o «Informe sobre a marxe comercial que corresponde aplicar á actividade de comercialización de referencia para realizar a subministración de enerxía eléctrica a prezo voluntario do pequeno consumidor no sector eléctrico e a tarifa de último recurso de gas no sector do gas natural».

A citada comisión realiza no dito informe unha análise detallada dos custos comunicados polas empresas comercializadoras de electricidade e de gas en resposta á súa petición e propón o recoñecemento de determinados custos de explotación prudentemente incorridos e dunha retribución polo exercicio da súa actividade.

II

A partir dos datos enviados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e das conclusións da análise realizada por esta, elaborouse unha metodoloxía para o cálculo dos custos de comercialización das comercializadoras de referencia que se incluírán no cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor.

Esta pretende o recoñecemento dos custos para realizar a actividade de comercialización de referencia por unha empresa eficiente e ben xestionada, tomando como referencia os custos das tres comercializadoras de referencia máis eficientes, sempre que estas representen unha cota de mercado de polo menos o 40 por cento, ou un número superior de comercializadoras ata acadar esa cota. Así mesmo, recoñécese unha retribución polo exercicio da súa actividade de comercialización de referencia sobre as vendas de enerxía eléctrica.

A imputación dos ditos custos para a súa recuperación como custos de comercialización a través do prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC) levarase a cabo mediante un termo por potencia contratada e outro termo por enerxía consumida. Este último recollerá os custos vinculados ao financiamento do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética, á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local (en diante, taxa de ocupación da vía pública), e ao valor da contía da retribución pola súa actividade de comercialización de referencia.

A metodoloxía que se regula neste real decreto prevé unha revisión dos compoñentes fixos dos custos de comercialización e da retribución polo exercicio da actividade cada tres anos, e unha actualización anual da parte ligada ao financiamento do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética. Pola súa banda, o compoñente variable da taxa de ocupación da vía pública variará horariamente de acordo coa variación horaria dos termos que a súa fórmula inclúe e que son os integrados no custo de produción de enerxía do PVPC.

En aplicación desta metodoloxía, establécese unha habilitación para aprobar mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo (actual ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital), logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por unha banda, e coas particularidades que se regulan neste real decreto, os valores concretos que resulten para a súa aplicación no ano 2014 (desde o 1 de abril) e nos anos 2015 e 2016, e a súa recuperación establecerase mediante as oportunas regularizacións. Por outra banda, habilitase para aprobar os valores dos custos de comercialización para o período 2016, 2017 e 2018, primeiro período trianual de aplicación da metodoloxía que se regula neste real decreto.

Por conseguinte, con este real decreto séntanse as bases para o cumprimento das sentenzas do Tribunal Supremo antes citadas polas cales se declara nulo o número 2 da disposición adicional oitava do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, cuxa execución se culminará coa aprobación da orde ministerial chamada a concretar os valores resultantes

da aplicación da metodoloxía prevista, de acordo coas disposicións adicionais primeira e transitoria primeira deste real decreto.

De acordo co establecido nos artigos 5.2 a), 5.3 e 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o disposto no presente real decreto recibiu informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no seu «Informe sobre a proposta de real decreto polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da marxe comercial das comercializadoras de referencia que se introducirá no prezo voluntario para o pequeno consumidor», aprobado pola Sala de Supervisión Regulatoria na súa sesión do día 14 de xullo de 2016. Para a elaboración do seu informe, a dita comisión tomou en consideración as observacións e os comentarios do Consello Consultivo de Electricidade.

Así mesmo, cumpriuse o preceptivo trámite de audiencia coa súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», ademais da consulta levada a cabo pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a través do seu Consello Consultivo de Electricidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.*

O Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 7 queda redactado como segue:

«2. O termo de potencia do prezo voluntario para o pequeno consumidor, TPU, expresado en euros/kW e ano, será o termo de potencia da peaxe de acceso e cargos máis o termo fixo dos custos de comercialización, calculado de acordo coa seguinte fórmula:

$$TPU = TPA + CCF$$

Onde:

TPU: termo de potencia do PVPC.

TPA: termo de potencia da peaxe de acceso e cargos de aplicación á subministración, expresado en euros/kW e ano.

CCF: termo fixo dos custos de comercialización, expresado en euros/kW e ano, que será fixado mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Dous. O artigo 12 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Determinación do termo doutros custos que se incluírán no cálculo do termo da enerxía do prezo voluntario ao pequeno consumidor.*

O valor do custo correspondente a outros custos asociados á subministración no período tarifario p, OCh, calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$OCh = CCOMh + CCOSh + CCVh + CAPH + INTTh$$

Onde:

CCOMh: contía relativa ao pagamento dos comercializadores para o financiamento da retribución do Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, polo español, expresada en euros/MWh e fixada de acordo coa normativa en vigor en cada momento. Esta contía será a mesma para todas as horas e períodos tarifarios.

CCOSh: contía relativa ao pagamento dos comercializadores para o financiamento da retribución do operador do sistema, expresada en euros/MWh e fixada de acordo coa normativa de aplicación. Esta contía será a mesma para todas as horas e períodos tarifarios.

CCVh: termo variable horario dos custos de comercialización, expresado en €/MWh, que será calculado e tomará o valor que resulte de acordo co previsto na normativa en vigor. Os compoñentes deste termo serán calculados polo operador do sistema e publicados o día anterior ao da subministración, para cada unha das 24 horas do día seguinte.

CAPH: pagamento dos mecanismos de capacidade de xeración correspondente ao consumo na hora h, expresado en euros/MWh, e fixados de acordo coa normativa de aplicación en cada momento.

INTTh: contía horaria relativa ao pagamento dos comercializadores de referencia para o financiamento do servizo de interrompibilidade expresada en euros/MWh de acordo co previsto na normativa de aplicación. Este prezo será calculado polo operador do sistema e publicado o día anterior ao da subministración, para cada unha das 24 horas do día seguinte.»

Tres. Engádesse un novo título VII, coa seguinte redacción:

«TÍTULO VII

Metodoloxía para o cálculo dos custos de comercialización das comercializadoras de referencia (COR) que se introducirá no prezo voluntario para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica

CAPÍTULO I

Custos de comercialización das COR

Artigo 21. *Retribución correspondente aos custos de comercialización.*

A retribución correspondente aos custos de comercialización que cómpre considerar no cálculo do PVPC incluirá:

- a) Unha retribución polos custos de explotación en que incorra unha empresa eficiente e ben xestionada para o exercicio da actividade de comercialización de referencia;
- b) Unha retribución pola actividade de comercialización de referencia.

Artigo 22. *Estrutura dos custos de explotación que se incluírán nos custos de comercialización.*

Os custos de explotación que se terán en conta para o establecemento da retribución por custos de explotación desagregaranse en centros de custo segundo o seguinte:

- a) Custos de explotación fixos por potencia contratada, que incluírán:
 - 1.º custos de contratación,
 - 2.º custos de facturación e cobramento,

3.º custos de atención ao cliente en que sexa obrigatorio incorrer de acordo co previsto na normativa estatal,

4.º custos de estrutura,

5.º custos financeiros debidos á interposición de garantías no mercado,

6.º custos fixos asociados á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local [en diante, taxa de ocupación da vía pública (TOVP)] regulada no artigo 24.1.c) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo,

7.º de ser o caso, outros custos de natureza fixa debidos a medidas regulatorias da actividade de comercialización de enerxía eléctrica establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español, e que expresamente se recoñezan mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

b) Custos de explotación variables por enerxía activa consumida, que serán os seguintes:

1.º custos variables asociados á taxa de ocupación da vía pública (TOVP) regulada no artigo 24.1.c) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo;

2.º custos de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética regulado no capítulo IV do título III da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia;

3.º de ser o caso, outros custos de natureza variable debidos a medidas regulatorias da actividade de comercialización de enerxía eléctrica establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español, e que expresamente se recoñezan mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Artigo 23. *Facturación dos custos de comercialización.*

1. Os custos de comercialización de aplicación na facturación do PVPC terán dous termos:

a) Un termo fixo por potencia, denominado termo fixo dos custos de comercialización (CCF) e expresado en €/kW e ano, que se incorporará ao termo de potencia do prezo voluntario para o pequeno consumidor, TPU, de acordo co previsto no artigo 7.

O termo CCF coincidirá coa retribución total por custos de explotación fixos (RTCEF), expresada en €/kW e ano establecida no artigo 24.

b) Un termo variable horario por enerxía consumida, denominado CCVh e expresado en €/kWh, que se incorporará ao termo de enerxía do PVPC, de acordo co previsto no artigo 12.

O termo variable horario dos custos de comercialización (CCVh) será a suma de dous termos:

$$\text{CCVh} = \text{RCEVh} + \text{Runitaria}$$

Onde:

– RCEVh: retribución horaria por custos de explotación variables, expresada en €/kWh, establecida no artigo 24.

– Runitaria: retribución unitaria dos comercializadores de referencia polo exercicio da súa actividade, expresada en €/kWh, establecida no artigo 25.

CAPÍTULO II

Determinación dos compoñentes dos custos de comercialización

Artigo 24. *Metodoloxía para a fixación da retribución por custos de explotación.*

1. No ano n, a partir da información achegada polas empresas comercializadoras de referencia de enerxía eléctrica conforme o disposto no artigo 27, calcularase e fixarase unha única retribución total por custos de explotación fixos (RTCEF) para o seguinte período trianual (anos n+1, n+2 e n+3), segundo o seguinte:

$$RTCEF = RCEF + RCF_{top} + RMRf$$

Onde:

- RTCEF = retribución total por custos de explotación fixos, expresada en €/kW e ano.
- RCEF = retribución por custos de explotación fixos, expresada en €/kW e ano.
- RCF_{top} = retribución por compoñente fixo da taxa de ocupación da vía pública (TOVP), expresada en €/kW e ano.
- RMRf = retribución por outros custos de natureza fixa debidos a medidas regulatorias da actividade de comercialización de enerxía eléctrica establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español, expresado en €/kW e ano.

a) A retribución por custos de explotación fixos (RCEF) obterase de acordo co seguinte:

1.º Para cada unha das COR, calcularase o custo unitario fixo en €/kW, obtido como a relación entre a suma de custos de explotación fixos definidos no artigo 22.a) expresados en euros e que fosen declarados pola empresa, excluídos os custos asociados á taxa de ocupación da vía pública, dos dous anos anteriores a aquel que se calcula (anos n-1 e n-2), e a suma de potencias en kW da empresa que figuran na base de datos do sistema de liquidacións do sector eléctrico nos anos correspondentes (n-1 e n-2).

$$\text{Custo unitario fixo (€/kW)} = \frac{\sum_{i=1,2} \text{custos en € de explotación fixos do ano } n-i}{\sum_{i=1,2} \text{potencia en kW do ano } n-i}$$

2.º Seleccionaranse as tres COR máis eficientes, entendendo como tales aquelas con menor custo unitario fixo obtido segundo se describe no parágrafo a).1.º anterior.

No caso de que as tres empresas seleccionadas non supoñan, no período analizado, un 40 por cento de representatividade no mercado, medida en termos de potencia contratada con empresas comercializadoras de referencia, adiciónaranse sucesivamente empresas ordenadas segundo o custo unitario crecente ata acadar a dita cota.

3.º A retribución por custos de explotación fixos (RCEF) obterase ponderando o custo unitario fixo de cada empresa comercializadora de referencia seleccionada segundo o criterio do parágrafo a).2.º pola potencia que figure na base de datos do sistema de liquidacións do sector eléctrico para a dita empresa, de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{RCEF (€/kW)} = \frac{\sum_A \left[\text{custo unitario fixo A} \left(\frac{\text{€}}{\text{kW}} \right) * \text{potencia A (kW)} \right]}{\sum_A \text{potencia A (kW)}}$$

Onde:

A é cada unha das empresas máis eficientes seleccionadas segundo o establecido no parágrafo 2.º

Os valores de custos unitarios e potencias serán os que correspondan a estas empresas os anos n-1 e n-2 sinalados no parágrafo a).1.º anterior.

b) A retribución por compoñente fixo da taxa de ocupación da vía pública (RCFtopv) obterase a partir da retribución por custos de explotación fixos, calculada segundo se establece no parágrafo a).3.º aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{RCFtopv (€/kW)} = \frac{\text{TOVP}}{1 - \text{TOVP}} \times [\text{RCEF} + \text{RMRf}]$$

Onde:

– RCFtopv = retribución por compoñente fixo da taxa de ocupación da vía pública, expresada en €/kW e ano.

– TOVP = tipo correspondente, en tanto por un, á taxa de ocupación da vía pública, segundo o artigo 24.1.c) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

– RCEF = retribución por custos de explotación fixos, expresada en €/kW e ano.

– RMRf = retribución por outros custos de natureza fixa debidos a medidas regulatorias da actividade de comercialización de enerxía eléctrica establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español, expresado en €/kW e ano.

2. A retribución unitaria en cada hora por custos de explotación variables (RCEVh) calcularase segundo o seguinte:

$$\text{RCEVh} = \text{RCVtoph} + \text{RFE} + \text{RMRv}$$

Onde:

– RCEVh = retribución horaria por custos de explotación variables, expresada en €/kWh.

– RCVtoph = retribución horaria por compoñente variable da taxa de ocupación da vía pública (TOVP), expresada en €/kWh.

– RFE = retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética regulado no capítulo IV do título III da Lei 18/2014, do 15 de outubro, expresado en €/kWh. O valor desta retribución será constante para todas as horas.

– RMRv = retribución por outros custos de natureza variable debidos a medidas regulatorias da actividade de comercialización de enerxía eléctrica establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español, expresado en €/kWh. O valor desta retribución será constante para todas as horas.

a) A retribución horaria por compoñente variable da taxa de ocupación da vía pública RCVtopvh incluíra os compoñentes variables da facturación das COR e o seu valor calcularase de acordo co seguinte:

$$RCVtopvh = \frac{TOVP}{1 - TOVP} \times [Pmh + SAh + CCOMh + CCOSh + CAPH + INTTh + RFE + Runitaria + RMRv]$$

Onde:

– RCVtopvh = retribución horaria por compoñente variable da taxa de ocupación da vía pública (TOVP), expresada en €/kWh.

– TOVP = tipo correspondente, en tanto por un, á taxa de ocupación da vía pública, establecido no artigo 24.1.c) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

– Pmh = prezo medio horario obtido a partir dos resultados do mercado diario e intradiario na hora h do período tarifario p segundo o establecido no artigo 10, expresado en €/kWh.

– SAh = valor do custo correspondente aos servizos de axuste do sistema asociados á subministración na hora h do período tarifario p. O valor de SAh calcularase de conformidade co establecido no artigo 11, expresado en €/kWh.

– CCOMh, CCOSh, CAPH e INTTh = serán as contías horarias relativas ao pagamento dos comercializadores para o financiamento da retribución do Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, polo español, para o financiamento da retribución do operador do sistema, polos mecanismos de capacidade de xeración e para o financiamento do servizo de interrompibilidade definidas no artigo 12, expresados en €/kWh.

– RFE = retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética regulado no capítulo IV do título III da Lei 18/2014, do 15 de outubro, expresada en €/kWh.

– Runitaria = retribución unitaria das COR polo exercicio da súa actividade, expresada en €/kWh, e fixada de acordo co artigo 25 deste real decreto.

– RMRv = retribución por outros custos de natureza variable debidos a medidas regulatorias da actividade de comercialización de enerxía eléctrica establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español, expresado en €/kWh.

– Os valores de RFE, Runitaria e RMRv serán constantes para todas as horas.

b) A retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (RFE) calcularase como o cociente entre as obrigacións de pagamento do conxunto das COR para o ano de aplicación correspondente á súa actividade de subministración de electricidade e a enerxía eléctrica en barras de central no ano anterior para esas mesmas empresas.

Este valor será fixado anualmente mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, unha vez que fosen fixadas as obrigacións de pagamento destes suxeitos conforme establece o artigo 70.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e o seu valor será de aplicación a partir da data da súa entrada en vigor.

Se esta data for posterior ao 1 de xaneiro do ano de aplicación correspondente, ata a aprobación da orde mencionada no parágrafo anterior ou, de ser o caso, ata a extinción da obrigación de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética destes suxeitos, manterase o valor da retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (RFE) na contía establecida para o ano anterior.

Para estes efectos, os suxeitos que exerzan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica obrigados a remitir información conforme o artigo 70.2 da citada Lei 18/2014, do 15 de outubro, desagregarán a información relativa ás súas vendas de enerxía eléctrica que deban remitir de acordo coa normativa, distinguindo os datos entre as seguintes actividades:

- a) Comercialización de referencia por vendas a consumidores acollidos a PVPC.
- b) Comercialización de referencia por vendas a consumidores acollidos a TUR.
- c) Comercialización libre.

Artigo 25. Metodoloxía para a fixación da retribución unitaria polo exercicio da actividade de comercialización de referencia.

A retribución unitaria polo exercicio da actividade de comercialización de referencia fixarase, atendendo ao nivel de risco que asume o comercializador no exercicio da actividade, no ano n para o seguinte período trianual (anos n+1, n+2 e n+3), segundo o seguinte:

$$R_{unitaria} = P_e \times Tr$$

Onde:

- Runitaria = retribución unitaria das COR polo exercicio da súa actividade, expresada en €/kWh.
- Pe = prezo da enerxía único, calculado como media ponderada pola enerxía nos anos n-1 e n-2 dos resultados dos mercados diario e intradiario, os servizos de axuste do sistema e o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, correspondentes ao prezo final anual da categoría de COR dos resultados do mercado de produción publicados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. A enerxía considerada para a ponderación será a correspondente á dita categoría de comercializadoras para cada un dos anos n-1 e n-2.
- Tr = porcentaxe de rendibilidade expresada en tanto por un, que tomará o valor de 1,05 por cento.

CAPÍTULO III

Revisión dos custos de comercialización

Artigo 26. Revisión dos custos de comercialización.

1. Os compoñentes de retribución por custos de explotación fixos (RCEF) e de retribución por compoñente fixo da taxa de ocupación da vía pública (RCFtovp) da retribución total por custos de explotación fixos (RTCEF) serán revisados cada tres anos a partir da información facilitada polas empresas segundo o disposto no artigo 27 e tendo en conta a metodoloxía descrita no artigo 24.

2. A retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (RFE) revisarase anualmente de acordo co establecido no artigo 24.2.b).

3. A retribución unitaria das COR polo exercicio da actividade revisarase cada tres anos, de acordo coa metodoloxía descrita no artigo 25.

O compoñente correspondente á porcentaxe de rendibilidade (Tr) aplicada na citada retribución unitaria poderá ser revisado cada tres anos.

4. A forma de revisar os custos de natureza fixa (RMRf) e variable (RMRv) debidos a medidas regulatorias determinarase, atendendo á súa natureza, na correspondente orde do ministro de Enerxía, Turismo, e Axenda Dixital, que os recoñeza.

5. Para efectos das revisións previstas neste artigo, mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, e de acordo cos prazos de revisión previstos, aprobaranse:

a) O valor do termo fixo dos custos de comercialización (CCF) que se considerarán na determinación do prezo voluntario para o pequeno consumidor e os valores de cada un dos seus compoñentes: retribución por custos de explotación fixos (RCEF), retribución por compoñente fixo da taxa de ocupación da vía pública (RCFtovp) e retribución por outros custos de natureza fixa debidos a medidas regulatorias da actividade de comercialización de enerxía eléctrica establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español (RMRf).

b) Os valores dos compoñentes da retribución horaria por custos de explotación variables (RCEVh) seguintes: o valor da retribución unitaria polo exercicio da actividade de comercialización de referencia (Runitaria) e o seu compoñente de prezo da enerxía único (Pe), a retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (RFE), e da retribución por outros custos de natureza variable debidos a medidas regulatorias establecidas na normativa estatal que sexa de aplicación en todo o territorio español (RMRv).

Artigo 27. *Obrigacións de información das COR.*

1. As COR levarán unha contabilidade regulatoria de custos de acordo cos criterios e coas regras de asignación homoxéneos para todas as citadas comercializadoras, que se determinarán mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

2. Para a actualización da retribución e a supervisión da actividade, as COR deberán remitir, antes do 1 de xullo de cada ano, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, con copia á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, baixo a súa responsabilidade, un informe e un anexo en formato electrónico, coa información de custos recollidos no artigo 22, conforme os criterios e as regras que se definan de acordo co punto anterior.

Os criterios e formatos para a entrega de información serán establecidos mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que deberá ser remitida á citada dirección antes do 1 de febreiro do ano n en que se calcula a revisión. A resolución que se dite para tal efecto será obxecto de publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Ademais, co fin de realizar unha mellor caracterización dos custos en que incorre unha COR, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá remitir, antes do 1 de febreiro de cada ano, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha proposta de criterios e formatos para a entrega de información sinalados no parágrafo anterior. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas establecerá, de ser o caso, os novos criterios e formatos de entrega de información que se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, unha vez conseguida a información segundo o disposto no número 2, remitirá ao ministro de Enerxía, Turismo, e Axenda Dixital, antes do 30 de outubro do ano n no cal se deba realizar a revisión, unha proposta de fixación dos custos de comercialización para o período trianual seguinte, de acordo co establecido no presente real decreto.

4. A información que remitan as comercializadoras de referencia para o cálculo dos custos de explotación correspondentes deberá ser completa e actualizada, co fin de que tanto a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia como a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dispoñan dela. En todo caso, a documentación presentada polas COR poderá ser contrastada con outras fontes de

información. A información procedente doutras fontes poderá ser utilizada para a fixación de retribución polo exercicio da actividade de comercialización de referencia.

As COR deberán gardar copia da información facilitada á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia durante un período de catro anos.»

Disposición adicional primeira. *Valores dos custos de comercialización que se incluírán no prezo voluntario para o pequeno consumidor de aplicación nos anos 2016, 2017 e 2018.*

Mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, fixaranse os valores dos seguintes compoñentes dos custos de comercialización para o período 2016, 2017 e 2018:

- a) O termo fixo dos custos de comercialización (CCF) e o compoñente de retribución unitaria (Runitaria) do termo variable horario dos custos de comercialización (CCVh) que se incluírán no cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor.
- b) O valor da retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (RFE).

Disposición adicional segunda. *Declaración por parte das COR das cantidades derivadas da aplicación do valor dos custos de comercialización establecidos para os anos 2014, 2015 e 2016 aos consumidores acollidos ao bono social.*

As COR declarararán ao organismo encargado das liquidacións os ingresos ou custos que, de ser o caso, obteñan das regularizacións previstas na disposición transitoria segunda do presente real decreto a consumidores acollidos ao bono social.

Disposición adicional terceira. *Inicio do primeiro período trianual para a revisión da retribución total por custos de explotación fixos (RTCEF) e da retribución unitaria (Runitaria).*

O ano de inicio do primeiro período de tres anos para a revisión dos compoñentes da retribución total por custos de explotación fixos (RTCEF) e da retribución unitaria (Runitaria) será o ano 2016.

A primeira revisión corresponderá ao período trianual formado polos anos 2019, 2020 e 2021.

Disposición adicional cuarta. *Propostas que deberá remitir a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o establecemento das regras de contabilidade regulatoria e para os criterios e formatos de entrega de información.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, antes do 1 de febreiro de 2017, propostas sobre:

- a) A definición dos criterios e regras de asignación homoxéneas para a aplicación da contabilidade regulatoria de custos de acordo co sinalado no artigo 27.1 do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo.
- b) Os criterios e formatos para a entrega de información de acordo co sinalado no artigo 27.2 do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo.

Disposición adicional quinta. *Información aos consumidores sobre a facturación electrónica.*

As COR deberanlles comunicar aos seus clientes, durante o ano 2017, a posibilidade de recibir as facturas en formato electrónico. No caso de clientes que teñan, para os efectos do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2007, do 16

de novembro, a condición de consumidores, deberán obter o seu consentimento de forma expresa para a implementación efectiva deste servizo, de acordo co artigo 63 do citado texto legal.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación dos valores dos custos de comercialización do prezo voluntario para o pequeno consumidor para os anos 2014, 2015 e 2016.*

1. O valor dos custos de comercialización que se incluírán no cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor para o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2014, para o ano 2015 e para o ano 2016 ata a data en que sexa de aplicación a orde prevista na disposición transitoria terceira deste real decreto será o obtido por aplicación da metodoloxía establecida no título VII do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, coas particularidades previstas nesta disposición para o cálculo dos seus compoñentes.

Os valores dos termos fixo e variable dos custos de comercialización que resulten de aplicar o previsto nesta disposición serán establecidos mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Así mesmo, e co fin de facilitar a regularización das contías que deriven, a dita orde recollerá os valores do termo variable do custo de comercialización de aplicación á enerxía consumida incorporando as perdas por período tarifario que correspondan a cada categoría de peaxes de acceso.

2. As particularidades para o cálculo dos custos de comercialización de acordo co punto anterior serán as seguintes:

a) A retribución total por custos de explotación fixos (RTCEF) fixarase en idéntico valor que a que resulte para o ano 2016.

b) A retribución do custo de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (RFE) calcularase:

1.º Para os anos 2014 e 2015 obterase considerando a relación entre a contribución total das COR de enerxía eléctrica obtida para cada ano a partir da información existente no Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para a aplicación do previsto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, e a enerxía en barras de central das COR en cada un deses anos, obtida da información do prezo final anual da dita categoría de comercializadoras publicado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia como resultados do mercado de produción.

Para o ano 2014, considerarase o 75 por cento da enerxía do ano, para efectos da recuperación dos custos pola contribución ao Fondo no período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2014.

2.º Para o ano 2016 obterase como a relación entre a contribución total das COR de enerxía eléctrica obtida para o ano 2016 a partir da información existente no Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para a aplicación do previsto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, e a enerxía en barras de central correspondente ao ano 2015.

c) A retribución unitaria (Runitaria) pola actividade de comercialización de referencia determinarase en cada ano 2014 e 2015, considerando como prezo da enerxía único o obtido a partir dos resultados dos mercados diario e intradiario, os servizos de axuste do sistema e o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade correspondentes ao prezo final anual publicado para o dito ano pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a categoría de comercializadores de referencia.

Para o período correspondente ao ano 2016, o valor do prezo de enerxía único será o obtido en aplicación do artigo 25 do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, como a media ponderada pola enerxía nos anos 2014 e 2015 dos resultados dos mercados diario e intradiario, os servizos de axuste do sistema e o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, correspondentes ao prezo final anual da categoría de COR e publicados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, respectivamente. A enerxía

considerada para a ponderación será a correspondente á dita categoría de comercializadoras para cada un dos anos 2014 e 2015, respectivamente.

d) Os valores da retribución pola taxa de ocupación da vía pública fixaranse para cada un destes anos de forma diferenciada, considerando:

1.º Para o compoñente fixo da taxa de ocupación da vía pública (RCFtovp), o valor da retribución total por custos de explotación fixos (RTCEF), que será o que resulta do parágrafo 2.a) anterior.

O termo RMRf de retribución por outros custos de natureza fixa debidos a medidas regulatorias tomará o valor de cero dado que non existen custos desta natureza neste período.

2.º O compoñente variable horario da taxa de ocupación da vía pública (RCVtovph) determinarase como un único valor anual, aplicando o seguinte:

– Os termos Pmh, SAh, CAPH e INTh: nos anos 2014 e 2015 serán os valores anuais reflectidos no prezo final anual para a categoría dos comercializadores de referencia que publica a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nos resultados do mercado de produción de enerxía eléctrica. Para 2016, os valores obteranse como media ponderada dos valores correspondentes aos prezos mensuais para a citada categoría dos comercializadores de referencia ponderando pola enerxía de cada mes, considerando ata o último mes completo dispoñible e publicado pola mencionada comisión.

– Os termos CCOMh e CCOSH serán os establecidos na normativa de aplicación en cada un dos anos.

– Os termos RFE e Runitaria son os que resultarán para cada ano calculados de acordo cos parágrafos b) e c) desta disposición.

– O termo RMRv, de retribución por outros custos de natureza variable debidos a medidas regulatorias, tomará o valor de cero dado que non existen custos desta natureza neste período.

Disposición transitoria segunda. *Regularización de contías por aplicación da metodoloxía prevista no título VII do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo.*

1. A regularización derivada da aplicación dos valores dos custos de comercialización establecidos para o cálculo do PVPC no período correspondente do ano 2014 realizarase de acordo co seguinte:

a) Aplicaranse os valores dos termos fixo e variable horario dos custos de comercialización fixados ás facturacións que se realizasen en aplicación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor correspondentes a consumos comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2014.

b) Os consumos de enerxía activa e a potencia contratada que correspondan a un período de facturación que inclúa algún período anterior ao 1 de abril de 2014 distribuiranse, para efectos da súa regularización, proporcionalmente á parte do tempo transcorrido en que estivese en vigor cada un dos mecanismos de cálculo do PVPC.

Para estes efectos, atenderase ao procedemento descrito na Resolución do 14 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, e ás súas modificacións, pola que se establece o procedemento de facturación con estimación do consumo de enerxía eléctrica e a súa regularización con medidas reais.

2. A regularización derivada da aplicación dos valores dos custos de comercialización establecidos para o cálculo do PVPC no ano 2015 realizarase aplicando os valores dos termos fixo e variable horario fixados ás facturacións que se realizasen en aplicación dos PVPC correspondentes a consumos comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

3. A regularización derivada da aplicación dos valores dos custos de comercialización establecidos para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor no ano 2016 realizarase de acordo co seguinte:

a) Aplicaranse os valores dos termos fixo e variable horario que se establezan ás facturacións que se realizasen en aplicación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor correspondentes a consumos comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2016 e o día anterior ao da data en que sexa de aplicación a orde prevista na disposición transitoria terceira.

b) Os consumos de enerxía activa e a potencia contratada que correspondan a un período de facturación que inclúa algún período posterior a aquel a que corresponda a regularización distribuiranse proporcionalmente á parte do tempo transcorrido en que estivese en vigor cada un dos mecanismos de cálculo dos custos de comercialización que se incluírán no PVPC.

Para estes efectos, atenderase ao procedemento descrito na Resolución do 14 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, e ás súas modificacións, pola que se establece o procedemento de facturación con estimación do consumo de enerxía eléctrica e a súa regularización con medidas reais.

4. Estas regularizacións aplicaráselles igualmente aos consumidores acollidos ás tarifas de último recurso no correspondente período, aos cales lles resultarán de aplicación as recargas ou descontos que correspondan sobre os termos de PVPC segundo a normativa vixente.

5. A aplicación dos custos de comercialización establecidos para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor no período comprendido entre o 1 de abril de 2014 ata o día anterior ao da data en que sexa de aplicación a orde prevista na disposición transitoria terceira realizarana as comercializadoras de referencia. As regularizacións que deban realizar en cumprimento do disposto na presente disposición resultarán de aplicación a cada un dos puntos de subministración aos cales aplicasen contratos ao PVPC en cada un dos períodos afectados.

Para estes efectos, habílanse os comercializadores de referencia para facturaren os consumidores aos cales proceda aplicar as regularizacións previstas neste real decreto, aínda que sexan consumidores cos cales non teña relación contractual en vigor no momento de proceder a aplicar as ditas regularizacións.

6. O prazo máximo para facturar as cantidades correspondentes ás regularizacións que deban realizar as COR conforme a presente disposición será de nove meses desde que sexa de aplicación a orde prevista na disposición transitoria terceira deste real decreto.

Na primeira facturación realizada polas COR para proceder á regularización, as ditas empresas deberán informar os consumidores. Para estes efectos, remitirán unha nota informativa de acordo cos modelos recollidos no anexo, segundo corresponda.

En todo caso, as regularizacións virán reflectidas na correspondente factura ou facturas que conterán de forma separada os conceptos correspondentes a cada período. En concreto, especificarase:

- a) O período a que corresponde a regularización.
- b) Os parámetros do dito período para a facturación: potencia e enerxía activa.
- c) A contía correspondente á regularización.
- d) O número de facturas en que se vai levar a cabo a regularización completa.

7. As COR poderán non regularizar as contías correspondentes para calquera dos anos 2014, 2015 ou 2016, sempre que estas se traduzan nun cargo para o consumidor. A decisión deberase adoptar de forma non discriminatoria para todos os consumidores en idéntica situación, ademais de comunicalo á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para os efectos oportunos.

8. Antes do 31 de decembro de 2017, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas un informe sobre as cantidades percibidas polas COR en concepto de regularización no período 2014, 2015 e 2016, que conterá, polo menos, a desagregación por empresa e ano.

Disposición transitoria terceira. *Período transitorio de adaptación.*

1. A metodoloxía prevista no título VII do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, salvo o seu artigo 27, será de aplicación a partir da data en que sexa de aplicación a orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital na cal, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, se fixen os valores previstos na disposición adicional primeira e na disposición transitoria primeira deste real decreto.

2. As regularizacións que se deban realizar conforme o previsto na disposición transitoria segunda deste real decreto abarcarán os consumos realizados ata o día anterior ao da data en que sexa de aplicación a orde prevista no punto anterior.

Nas facturacións que realice cada comercializador de referencia con anterioridade á dita data continuarase aplicando, con carácter transitorio, o valor de 4 €/kW e ano fixado na disposición transitoria sexta da Orde IET/2735/2015, do 17 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para 2016 e se aproban determinadas instalacións tipo e parámetros retributivos de instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual o inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Referencias.*

As referencias existentes na normativa do sector eléctrico a «marxe de comercialización» entenderanse realizadas a «custos de comercialización».

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento e aplicación.*

O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital ditará as disposicións que exixan o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital,
ÁLVARO NADAL BELDA

ANEXO

Modelo de nota informativa que lles remitirán as comercializadoras de referencia aos consumidores con motivo das sentenzas ditadas como resultado dos recursos interpostos polos grupos empresariais das comercializadoras de referencia

1. **Modelo que se aplicará cando a regularización a realiza a mesma comercializadora de referencia que suministra ao consumidor.**

INFORMACIÓN SOBRE A REGULARIZACIÓN

[NOME DA COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA QUE APLICA A REGULARIZACIÓN]

O prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC) é o prezo da electricidade que lles aplican as comercializadoras de referencia a aqueles clientes acollidos a el.

Un dos compoñentes do PVPC son os custos de comercialización, que inclúen todos aqueles necesarios para realizar a actividade (atención ao cliente, contratación, xestión de facturas, etc.).

O Goberno aprobou unha nova metodoloxía para determinar a contía dos ditos custos de comercialización, consecuencia da execución das sentenzas¹ do Tribunal Supremo ditadas como resultado dos recursos interpostos polos grupos empresariais das comercializadoras de referencia. Ademais, recolle, de ser o caso, unha regularización das contías correspondentes para calquera dos anos 2014, 2015 ou 2016.

Non obstante, habilítase para que as COR poidan non regularizar as ditas contías sempre que estas se traduzan nun cargo para o consumidor.

Dado que vostede estivo acollido ao PVPC nalgún momento entre o 1 de abril de 2014 e o [data de aplicación deste real decreto], [nome da comercializadora de referencia de electricidade] vai proceder a regularizar as cantidades que resultan da aplicación do novo valor fixado en concepto de custos de comercialización.

Os importes resultantes son os seguintes:

- a) Contía total que se vai regularizar: **XX,XX €** Para [devolver ao/pagar polo] consumidor
- b) Número de facturas en que se vai levar a cabo a regularización completa: xx
- c) Período a que corresponde a regularización: xx de (mes) de xxxx a xx de (mes) de xxxx.
- d) Parámetros do período para a facturación:

Potencia: xx kW;

Enerxía activa: xx kWh [segundo número de períodos de discriminación horaria aplicable]

Dado que vostede non cambiou de comercializadora de electricidade, esta regularización aplicaráselle directamente na súa factura habitual, e virá identificada polo concepto «Regularización do compoñente asociado ao custo de comercialización por sentenzas xudiciais». Ademais, compensaranse as contías que se van regularizar coas cantidades facturadas que debe aboar á súa [nome da comercializadora de referencia] pola subministración habitual.

¹Sentenzas do Tribunal Supremo relativas aos recursos contencioso-administrativos números 358/2014, 395/2014 e 396/2014, polas que se declara nulo o número 2 da disposición adicional oitava, relativo aos custos da actividade de comercialización de referencia, do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.

2. Modelo que se aplicará cando a regularización a realiza diferente comercializadora de referencia que a que actualmente suministra ao consumidor.

INFORMACIÓN SOBRE A REGULARIZACIÓN

[NOME DA COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA QUE APLICA A REGULARIZACIÓN]

O prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC) é o prezo da electricidade que lles aplican as comercializadoras de referencia a aqueles clientes acollidos a el.

Un dos compoñentes do PVPC son os custos de comercialización, que inclúen todos aqueles necesarios para realizar a actividade (atención ao cliente, contratación, xestión de facturas, etc.).

O Goberno aprobou unha nova metodoloxía para determinar a contía dos ditos custos de comercialización, consecuencia da execución das sentenzas¹ do Tribunal Supremo ditadas como resultado dos recursos interpostos polos grupos empresariais das comercializadoras de referencia. Ademais recolle, de ser o caso, unha regularización das contías correspondentes para calquera dos anos 2014, 2015 ou 2016.

Non obstante, habilítase para que as COR poidan non regularizar as ditas contías sempre que estas se traduzan nun cargo para o consumidor.

Dado que vostede estivo acollido ao PVPC nalgún momento entre o 1 de abril de 2014 e o [data de aplicación deste real decreto], [nome da comercializadora de referencia de electricidade] vai proceder a regularizar as cantidades que resultan da aplicación do novo valor fixado en concepto de custos de comercialización.

Os importes resultantes son os seguintes:

- a) Contía total que se vai regularizar: **XX,XX €** Para [devolver ao/pagar polo] consumidor
- b) Número de facturas en que se vai levar a cabo a regularización completa: xx
- c) Período a que corresponde a regularización: xx de (mes) de xxxx a xx de (mes) de xxxx.
- d) Parámetros do período para a facturación:

Potencia: xx kW;

Enerxía activa: xx kWh [segundo número de períodos de discriminación horaria aplicable]

Esta regularización aplicaráselle en factura(s) específica(s) e virá identificada polo concepto «Regularización do compoñente asociado ao custo de comercialización por sentenzas xudiciais».

¹Sentenzas do Tribunal Supremo relativas aos recursos contencioso-administrativos números 358/2014, 395/2014 e 396/2014, polas que se declara nulo o número 2 da disposición adicional oitava, relativo aos custos da actividade de comercialización de referencia, do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.